

CIG-SAÚDE

INFORMA:

A INTENCIÓN DO SERGAS COA PRIVATIZACIÓN DAS UNIDADES DE ESTERILIZACIÓN E A DESCAPITALIZACIÓN HUMANA, TÉCNICA E PATRIMONIAL DA SANIDADE PÚBLICA

O prego das prescricións técnicas que elaborou a Consellaría de Sanidade e que define o alcance e condicións de prestación de servizo, pola empresa privada, nos centros do Servizo Galego de Saúde recolle:

PREGO DAS PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

- A descapitalización dos RRHH e do coñecemento na sanidade pública; amortización de 157 postos de traballo na sanidade pública. Condicións para a empresa privada:

“Punto 5.2.1. Medios Humanos. O adxudicatario deberá incorporar todo o persoal que sexa necesario para desenvolver o traballo correspondente ás actividades da esterilización.”

Supoñemos que este persoal será contratado baixo as condicións da reforma laboral.

- Descapitalización das instalacións públicas.

“Punto 6. Instalacións onde se realizará o proceso do material. Será responsabilidade do/a adxudicatario/a a realización do proxecto de construción e dotación das edificacións e instalacións que se propoña para a prestación do servizo.”

Desaparecerán todas as instalacións que actualmente hai nos hospitais públicos do SERGAS.

- Descapitalización do instrumental. O SERGAS, co diñeiro público vai financiar que unha empresa privada se encargue de todo o material cirúrxico necesario para a prestación do servizo. Na sanidade pública non quedará nada que non se poida pinza.

“Punto 7. Xestión do instrumental. Os centros do Servizo Galego de Saúde, ao inicio da prestación do servizo, porán ao dispor do adxudicatario, para a súa xestión e custodia, todo o instrumental reutilizable que sexa da súa propiedade.”

A partir de aí “todo o instrumental será repostado pola empresa privada”.

É dicir, que cos 132 millóns + o IVE, que serán 168 millóns de diñeiro público, o SERGAS vai financiar que a empresa privada se recapitalice para logo facerse cargo dunha prestación que hoxe, cun menor custe, se fai e facer con calidade desde a sanidade pública.

CIG-SAÚDE esixe da Consellaría de Sanidade que paralice esta barbaridade e que escoite as/os profesionais. O diñeiro público, dote aos centros sanitarios do instrumental necesario.

